

Plan Coeducativo de Centro



ÍNDICE

1. Xustificación Introducción (e bases legais)
2. Normativa básica de referencia e finalidades
3. Obxectivos
 - 3.1. Xerais
 - 3.2. Específicos: alumnado, profesorado, centro e familias
4. Actividades de diagnóstico
5. Propostas:
 - 5.1. Organizativas
 - 5.2. De concienciación
6. Metodoloxía e temporalización
7. Mecanismos de avaliación
8. Recursos
9. Anexos

1.- XUSTIFICACIÓN E INTRODUCCIÓN

O avance cara unha sociedade diversa e igualitaria é un camiño en construción ao longo da Historia. Para facer afectivos estes avances non basta con leis e políticas, nin coa acción das forzas sociais e asociativas. O papel da educación é vital, o mesmo que crear un marco educativo actualizado ás realidades sociais e que sitúe no centro as persoas, potenciando as súas diversidades e promovendo a igualdade. Como comunidade educativa creemos no poder de construír entre todas e todos espazos de debate, de convivencia, de realización e desenvolvemento de identidades e referentes que permitan ao alumnado adquirir as ferramentas para realizarse como persoa.

O noso centro educativo leva traballando anos baixo o eixo da igualdade e desde unha perspectiva interdisciplinaria, comezando por un proxecto que tiña como obxectivo a análise da presenza das mulleres no material educativo, continuando por un premio no tratamento e prevención da violencia de xénero (primeiro premio do xurado e do público no concurso de curtas Fouciño: "A sombra do que fun"), plan proxecta e contrato programa "Feminino Plural "(Donas de si) con moito éxito tanto en premios ("Ao son Delas") como en experiencias entre toda a comunidade educativa. Baixo o plan proxecta "Ao son do Rural" desenvolveuse a perspectiva de xénero como eixo transversal dentro do mesmo. Desde fai dous anos comezou a impartirse unha materia específica para 2º bacharelato en "Igualdade de Xénero", así como outra de Regueifa desde unha perspectiva feminista, focos de ida-volta e das accións transversais de moitas das iniciativas desenvolvidas desde a igualdade no centro e que se desenvolven coa finalidade de irradiar estes valores a toda a comunidade educativa, a que nos identifica día a día como un centro feminista.

O principal obxectivo deste Plan Coeducativo de Centro parte de cuestionar actitudes sexistas e discriminatorias, en xeral, e fomentar espazos diversos de convivencia en igualdade, sen esquecer actuacións preventivas, en especial contra as violencias, e de aprendizaxe para toda a comunidade educativa. O camiño ten que transitar por educar en igualdade, erradicar estereotipos e discriminacións por razóns de sexo, de identidade de xénero ou de orientación afectivo-sexual, e previr as súas consecuencias.

Características do noso centro:

- perfil alumnado:
 - 1º ESO (8 alumnas – 6 alumnos)
 - 2º ESO (18 alumnas – 14 alumnos)
 - 3º ESO (12 alumnas – 10 alumnos)
 - 4º ESO (8 alumnas – 7 alumnos)
 - 1º BACH A (14 alumnas – 8 alumnos)
 - 1º BACH B (9 alumnas – 14 alumnos)
 - 2º BACH A (8 alumnas – 3 alumnos)
 - 2º BACH B (9 alumnas – 9 alumnos)
 - FP BÁSICA 1 (2 alumnas – 9 alumnos)
 - FP BÁSICA 2 (5 alumnos)
 - 1º SIMIRE (1 alumna – 26 alumnos)
 - 2º SIMIRE (3 alumnas - 12 alumnos)

- perfil profesorado: 15 profesoras e 19 profesores
- perfil xefaturas de departamento: 11 coordinadoras, 7 coordinadores
- perfil persoal non docente: 1 administrativa, 1 bedel, 2 limpadoras
- perfil familias: A diversidade dos perfís familiares da nosa comunidade é grande. Aínda así, a maioría das familias do noso centro son nucleares, algunhas das familias do noso alumnado son tamén de modelo extenso (que conviven tamén cos avós e avoas), existen algunhas compostas (de persoas separadas), algún caso aillado de monoparental, en algún caso tamén con fillas ou fillos adoptivas/os. Non temos coñecemento de ningunha parella homoparental.

2.- NORMATIVA BÁSICA DE REFERENCIA

A **Lei orgánica 8/2013, de 3 maio de Educación** contempla en varios apartados referencias á igualdade de xénero:

- preámbulo establece que só un sistema educativo de calidade, inclusivo, integrador e esixente, garante a igualdade de oportunidades.

- o artigo 1 establece que o sistema educativo debe favorecer o desenvolvemento na escola dos valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres, así como a prevención da violencia de xénero.
- o artigo 23c incide en “valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres”.
- o artigo 33, apartado c, céntrase no obxectivo de bacharelato, como o fomento da igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades existentes e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas con discapacidade.
- en relación aos obxectivos na formación profesional, o artigo 40, apartado e, recolle “fomentar a igualdade efectiva de oportunidades entre homes e mulleres para acceder a unha formación que permita todo tipo de oportunidades profesionais e o exercicio das mesmas”.
- en relación á resolución pacífica de conflitos, aparece recollido no artigo 66.3, apartado g, nos seguintes termos: “Prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais. Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, así como analizar e valorar criticamente as desigualdades entre eles”.
- en relación ás actuacións de centro, a lei de educación a recolle, fundamentalmente no seu artigo 78: “Aqueles condutas que atenten contra a dignidade persoal doutros membros da comunidade educativa, que teñan como orixe ou consecuencia unha discriminación ou acoso baseado no xénero, na orientación ou identidade sexual, ou unha orixe racial, étnica, relixiosa, de crenzas ou de discapacidade, ou que se realicen contra o alumnado máis vulnerable polas súas características persoais, sociais ou educativas terán a cualificación de falta moi grave e levarán asociada como medida correctora a expulsión, temporal ou definitiva, do centro”. Así como no artigo 84.3 “En ningún caso haberá discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social”.
- por último, no marco da organización, funcionamento e convivencia, a lei de educación contempla no capítulo III, en relación ao Consello Escolar e a Igualdade: artigo 126.2 “Unha vez constituído o Consello Escolar do centro este designará unha

persoa que impulse medidas educativas que fomenten a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres”, e no artigo 127.g “Promover medidas e iniciativas que favorezan a convivencia no centro, a igualdade entre homes e mulleres e a resolución pacífica de conflitos entre todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social”.

En relación á normativa galega no ámbito da igualdade:

- Decreto legislativo 2/2015, de 12 de febreiro, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legais de la Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, onde se recollen o obxectivos e principios de actuación en materia de igualdade.
https://6392f3db-9723-4ae9-9ceb-e86bb9ecbe85.filesusr.com/ugd/87031d_0d4708ff3b9c4639b2c7dccab3fdff44.pdf
- A normativa galega LGTBI céntrase na LEI 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia.
https://6392f3db-9723-4ae9-9ceb-e86bb9ecbe85.filesusr.com/ugd/87031d_0d4708ff3b9c4639b2c7dccab3fdff44.pdf
- Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.
https://6392f3db-9723-4ae9-9ceb-e86bb9ecbe85.filesusr.com/ugd/87031d_b785aca46dd4d1ea8ad3d849ea2c728.pdf
- I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020. Secretaría Xeral da Igualdade.
- Protocolo Educativo para garantir a Igualdade, a non discriminación e liberdade de identidade de xénero. www.educonvives.gal

3.- OBXECTIVOS

O obxectivo prioritario deste Plan de Coeducación é **estruturar e coordinar todas aquelas actuacións que son necesarias para que igualdade e diversidade atravesen todo o centro educativo**. Deséñase como un guión que coordine as necesidades específicas deste centro así como as propostas de diferentes accións respecto á coeducación co obxectivo de levar a igualdade e diversidade ás aulas e previr as violencias de calquera tipo dun xeito xeneralizado, sistemático e duradeiro no tempo.

Segundo o exposto, cómpre partir dun diagnóstico do sexismo e a igualdade a partir do cal detectar puntos fortes e febles e axustar as medidas a desenvolver e potenciar.

3.1. Xerais

- Velar pola igualdade entre homes e mulleres e impulsar medidas educativas que a fomenten no centro educativo.
- Promover o libre desenvolvemento da personalidade de cada persoa.
- Promover e impulsar medidas educativas que fomenten o respecto pola diversidade afectivo-sexual, familiar e de identidade de xénero.
- Dinamizar que se favoreza a resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.

3.2. Específicos: alumnado, profesorado, familias

a) Alumnado:

- Acompañar a reflexión do alumnado sobre o prexuízo e a inxustiza que supón tanto para os homes como para as mulleres a asignación de roles por condicións de sexo, propiciando a reflexión sobre as situacións estereotipadas e discriminatorias que son manifestas nos medios de comunicación, especialmente na televisión e nas publicacións escritas orientadas cara as mozas e os mozos.
- Favorecer e promover o respecto á libre orientación afectivo-sexual e a identidade de xénero.
- Fomentar unha actitude activa de rexeitamento a todo tipo de acoso sexista e homofóbico, de non participación en situacións de acoso, de apoio e defensa das

persoas violentadas e de comunicación a calquera membro do persoal docente, ao seu titor ou titora, ao Departamento de Orientación ou ao Equipo directivo de situacións de violencia verbal o física, agresión sexual, acoso escolar homofóbico ou accións de odio.

- Promover unha análise sistemática dos estereotipos de xénero que axedan a crianzas e adolescentes (os arquetipos que reflicten, as fendas académicas e mesmo os transtornos que poden chegar a provocar), analizar a falsa educación sentimental que vehiculan filmes, series e cancións.
- Fomentar unha conciencia crítica cara a imaxe irreal e distorsionada que crea a pornografía sobre a sexualidade, os corpos e as relacións afectivas.
- Favorecer unha práctica deportiva inclusiva para ambos sexos, liberada de prexuízos, co obxecto de impulsar o deporte e a mais a actividade física e saudable de forma igualitaria entre o noso alumnado.

b) Profesorado:

- Establecer unhas pautas de actuación comúns que supoñan un apoio á igualdade de xénero e a promover un centro coeducativo e respectuoso coa diversidade afectivo-sexual, de xénero e familiar.
- Contribuír a facer do noso lugar de traballo un espazo seguro para as persoas LGBTI, visibilizando o rexeitamento de toda discriminación por motivos de orientación afectivo-sexual, diversidade familiar e identidade de xénero.
- Responder inmediatamente aos comentarios, chistes e burlas sexistas ou homófobas feitas polo alumnado ou polo persoal do centro, estean dirixidos ou non a mulleres ou a persoas LGBTI presentes. O silencio e a pasividade reforzan os comportamentos e actitudes de acoso sexista, homofóbico e transfóbico.
- Introducir nos materiais de aula a visibilización de mulleres e a súa achega en todas as materias.
- Desenvolver e traballar novos modelos de masculinidades co alumnado.

- Participar de forma igualitaria, construtiva e solidaria na realización de xogos, actividades grupais, situacións de comunicación e na repartición de responsabilidades e tarefas, rexeitando a división do traballo e de funcións por razón de sexo ou xénero.

c) Centro:

- Analizar o sexismo no centro mediante a observación da linguaxe, cartelería, libros e materiais de aula.
- Documentos do centro (impresos de matrícula, fichas de titoría, circulares informativas, permisos de saídas extra-escolares, etc.) que debe cubrir cada estudante ou familia para evitar a presunción de heterosexualidade das familias.
- Concienciar á comunidade educativa no uso da linguaxe non sexista nin heterosexista que presupón a heterosexualidade e o xénero, para que todas as persoas se sintan recoñecidas de forma positiva.
- Recoller todas as actuacións relacionadas coa igualdade que se fan no centro, tanto a nivel global como de aula.
- Fomentar a participación e a paridade na composición equilibrada dos órganos de representación e decisión.
- Asegurar que o alumnado poida facer uso dos baños sen distincións de sexo, para o que será preciso desenvolver un traballo coordinado cos outros centros e institucións da localidade xa desde os niveis máis elementais (primaria e CPIs).
- Introducir de maneira expresa a educación na diversidade afectivo-sexual, de xénero e familiar e a loita contra o sexismo e a homofobia nos documentos oficiais de centro, comezando polo Proxecto Educativo, o Plan de Convivencia, as NOF e o Plan de Acción Tutorial.

d) Familias

- Reflexionar coas súas fillas e fillos sobre a importancia de establecer a igualdade de sexo e de xénero e da liberdade na elección da identidade de xénero e da libre orientación afectivo-sexual.
- Repartir de forma xusta e equilibrada as tarefas domésticas entre os diferentes membros da familia.
- Permitir que as fillas e os fillos teñan as afeccións que desexen e escollan os traballos que lles gusten.
- Asimilar os perfís profesionais de distintas profesións e axudar a orientar ás súas fillas e fillos independentemente do sexo.
- Fomentar a participación e paridade na composición equilibrada dos órganos de representación e decisión.
- Incorporar unha concepción de familia ampla e diversa, en consonancia coa rica diversidade de estruturas familiares presentes no centro educativo.
- Implicar aos pais e nais nas tarefas coeducativas e no respecto á diversidade afectivo-sexual e familiar.

4. ACTIVIDADES DE DIAGNÓSTICO

Antes de proceder a desenvolver actuacións en materia coeducativa é preciso coñecer e analizar o punto de partida do noso centro. Tras identificar os puntos febles e fortes e os datos contextualizados poderanse deseñar e desenvolver accións específicas.

- **Diagnóstico xeral do centro:** proposta de análise da porcentaxe de mulleres e homes en cada un dos ámbitos de traballo do Centro (Anexo 1).
- **Táboa de análise da coeducación no centro:** análise de datos estruturais, linguaxe, materiais e recursos, etc. (Anexo 2).
- **Diagnóstico de aspectos concretos:** resultados académicos, uso espazos e participación (patios, zonas comúns, corredores, cafetería, biblioteca..), liderazgo,

relacións interpersonais, conflictividade e violencia (machismo, homofobia, transfobia,...) (Anexo 3).

5. PROPOSTAS (a desenvolver no próximo curso 2020-2021)

5.1. Organizativas

- *Establecer medidas de igualdade e atención á diversidade afectivo sexual nos documentos de organización do centro: PEC, NOF, Plan de Convivencia e Plan Acción Titorial. Así como do Protocolo Educativo para garantir a Igualdade, a non discriminación e liberdade de identidade de xénero.*
- *Creación dunha comisión de igualdade e diversidade: dentro da Comisión Permanente que inclúa a persoal non docente, alumnado e familias tamén para facer algunha reunión ao trimestre.*
- *Revisión para unha linguaxe inclusiva en todos os documentos públicos do Centro: plans do Centro, web, blogs, redes sociais...*
- *Revisión da linguaxe empregada na aula e material, eliminando o sexismo e calquera tipo de discriminación onde os haxa.*
- *Cambio da figura de delegado/a e subdelegado/a por delegada e delegado. (Dous representantes por aula)*
- *Proposta de introdución da materia de libre configuración autonómica de Igualdade de Xénero en 2º de ESO.*
- *Estudo do emprego dos espazos de ocio durante os recreos en función do xénero para a formulación de accións de concienciación.*
- *Facilitación de formación e recursos en igualdade para as titorías, coa opción de crear un proxecto en común entre os diferentes cursos.*
- *Debater a posibilidade de establecer baños únicos sen a separación de sexos de forma coordinada co resto dos centros que nutren de alumnado ao noso centro (desde a primaria).*

- *Organización en CCP e claustro de actividades interdisciplinares pola igualdade durante todo o curso, e especialmente ao redor do 25N e do 8M.*

5. 2. De concienciación

- *Fomentar a presenza de referentes positivos de diversidade afectivo-sexual, familiar e de xénero no centro educativo, apoiando a visibilidade da comunidade LGBTI se o considera pertinente e poida así converterse nun referente próximo para toda a comunidade educativa.*
- *Facilitación de formación e recursos en igualdade para as titorías, coa opción de crear un proxecto en común entre os diferentes cursos.*
- *Incrementar a biblioteca do centro con títulos, filmes e outro material coeducativo e relativo á diversidade afectivo-sexual, familiar e de identidade de xénero.*
- *Organización en CCP e claustro de actividades interdisciplinares pola igualdade durante todo o curso, e especialmente ao redor do 25N, o 8M ou o 17 de maio, Día Internacional contra a Homofobia e Transfobia.*
- *Organización de obradoiros, charlas e actividades relacionadas coa igualdade de xénero e contra a violencia sexista e LGBTIfobia.*
- *Creación dun blogue propio, que albergue tanto todo o traballo feito en Donas de Si e as accións por desenvolver, así como un buzón de suxestións de enlace coa comunidade educativa.*
- *Imaxe corporativa: deseño logotipo, traballo en rede con outros centros, asociacións e institucións que podería ser o de Donas de si.*

5. METODOLOXÍA E TEMPORALIZACIÓN

En relación á planificación de momentos, temas e actuacións, propoñemos unha folla de ruta:


<i>actuacións</i>	<i>datas</i>
Análise e diagnóstico do centro respecto á igualdade [contextualización: Subirats e Tomé (1999)]	1º trimestre
Propostas de mellora	2º trimestre
Levar a cabo unha das propostas [acción sinxela, que integre a todo o centro]	Ata final de curso

6. MECANISMOS DE AVALIACIÓN

Propoñemos dous instrumentos de avaliación complementarios que nos axudarán a tirar de conclusión. Estes instrumentos, resumidos na imaxe inferior poden desenvolverse a través de observacións, cuestionarios entre profesorado, alumnado e familias ou recollida de datos cuantitativos de participación, entre outros.

Análise DAFO para datos: debilidades, ameazas, fortalezas, oportunidades.

Análise CAME para propostas de accións para mellorar: corrixir, afrontar, manter, explotar.



7. RECURSOS

Entre os recursos dos que dispoñemos á hora de desenvolver a práctica coeducativa, teremos en conta os seguintes condicionamentos:

- persoas implicadas
- apoio do equipo directivo
- recursos persoais
- horas semanais para realizalo
- axudas externas, posibilidade de asesoramento
- formación necesaria imprescindible, autoformación entre iguais, lecturas comentadas entre os docentes (un clube de lecturas feministas para o profesorado, por exemplo).

ANEXOS

Anexo 1

Diagnóstico xeral do centro		
	% alumnas	% alumnos
ESO		
Bacharelato		
FP BÁSICA		
CICLO		
Delegado/a aula		
Profesorado		
Xefas/es dpto		
Titoras/es		
Persoal limpeza		
Equipo directivo		
Consello Escolar		

Anexo 2

Táboa de análise da coeducación no centro			
	si	non	proceso
Obxectivos do Plan Coeducativo incluídos no Plan de Centro			
Nomeada persoa no Consello Escolar que impulse medidas educativas que fomenten a igualdade xénero			
Linguaxe escrita: comunicación ás familias, comunicacións internas, boletíns de notas,...			
Linguaxe oral (reunións, claustros, actos públicos; rexistro informal)			
Cartelería			
Documentos oficiais do centro (PXA, PE, PAT, PC, PD,...)			
Biblioteca			
Libros de texto			
Material aula			
Taboleiro específico coeducación			
Celebracións puntuais			
Exposicións, obradoiros, UD			
Presenza na web do centro			
Outras actuacións			
Sesións formativas claustro			

Sesi3ns formativas alumnado			
Sesi3ns formativas alumando			
Utilizaci3n igualitaria de espazos, recursos e tempos			
Realizaci3n actividades deportivas e complementarias con perspectiva de x3nero			
Acci3ns concretas (individuais ou pequeno grupo): obradoiros, UD,...			
Acci3n tituorial e orientaci3n			
Educaci3n afectiov-sexual			
Formaci3n do profesorado			

Anexo 3

- Analizar se existe un apartado específico sobre atención á diversidade afectivo-sexual, de xénero, familiar e de loita contra a homofobia e a transfobia nos documentos oficiais do centro, isto é, no Proxecto Educativo, no Plan de Convivencia, no Regulamento de Réxime Interno e no Plan de Acción Tutorial, con medidas para a sensibilización, prevención, detección e eliminación de toda manifestación de discriminación, dirixidas á toda a comunidade educativa.
- Analizar se existe un protocolo en caso de acoso por homofobia e transfobia accesible, efectivo e integral.
- Detectar posibles situacións de homofobia e transfobia que poidan darse dentro da comunidade educativa, utilizando unha serie de indicadores tales como: indicadores para detectar ao alumnado que é vítima ou acosadora no recinto escolar por homofobia e transfobia; farase extensivo ao persoal docente e non docente e ás familias.
- Analizar se se fomenta a formación sobre diversidade sexual, familiar e de identidade de xénero a todo o persoal do centro así como ao alumnado e se se ofrece información ás familias.
- Determinar se todo o persoal docente e de orientación sabe cómo previr e actuar ante situación de acoso escolar homofóbico e transfóbico.
- Analizar se se celebran efemérides específicas como o 17 de maio, Día Internacional contra a LGBTIfobia ou unha semana da diversidade afectivo-sexual e de identidade de xénero.
- Analizar se existen docentes, familias ou alumnado LGBTI que se fagan visibles como tales no centro.
- Analizar se os carteis e imaxes colgados nos corredores o taboleiros das aulas así como os materiais didácticos que se utilizan no centro mostran a diversidade étnica, corporal, relixiosa, afectivo-sexual e de expresión de xénero.
- Analizar se o equipo directivo, o claustro e o Consello Escolar fomentan a relación entre o centro e persoas expertas ou organizacións LGBTI, por exemplo, celebrando actividades específicas (xornadas, sesións de titoría, talleres, charlas...) xunto a elas.
- Analizar se existen materias no currículo con contidos relacionados co acoso escolar por homofobia e transfobia.
- Analizar se existe documentación e materiais de libre acceso de temas de diversidade de orientación afectivo-sexual e de identidade de xénero.